
LETRAS NOS CORDÓNS

Texto de CRISTINA FALCÓN MALDONADO

Ilustracións de MARINA MARCOLIN

Tradución de MANUELA RODRÍGUEZ

Encadernado en cartonné. 26,5 x 21 cm. 32 páx. 14 €

Letras nos cordóns (galego)

ISBN 978-84-8464-787-4. MareMar.

Letras en los cordones (castelán)

ISBN 978-84-92608-56-0. Libros para soñar.

Letras nos atacadores (portugués)

ISBN 978-989-8205-77-3. Livros para sonhar.

Lettere fra i lacci (italiano)

ISBN 978-88-95933-42-9. Libri per sognare.

Flor é a máis vella de nós os sete. Ten sete anos.

Por iso, e porque é moi valente, podemos ir con ela á escola.

*Non lle ten medo á escuridade nin aos espíritos,
que din que aparecen ás seis da mañá.*

*Creo que tamén quere ir á clase porque lle gusta
pór os zapatos e a roupa de ir á escola...*

“Letras nos cordóns” é un álbum entrañable e doce que, a modo de diario, evoca a nenez, a escola e o contacto inicial cos libros, a porta ao saber, o pasaporte a outros mundos imaxinarios: *“Flor xa sabe ler, di que as letras, que para min son uns debuxos moi difíciles de entender e de xuntar, son contadoras de cousas e que cando aprendes a ler é como se che contasen contos”*. Cristina Falcón describe a experiencia dunha familia numerosa e humilde na que a irmá maior e a avoa ocúpanse do fogar en ausencia da nai. O intenso agarimo no reencontro coa figura materna, as sensacións dispares de gozo ou de disgusto no ámbito escolar, e a madurez prematura dos nenos en tempos de carencias materiais, que non afectivas, marcan este relato emotivo e sentimental, que remove a memoria.

As ilustracións -sutís e delicadas- de Marina Marcolin, teñen ese ton ocre e antigo das lembranzas. Combinan estampas familiares realistas de gran beleza, con imaxes simbólicas e suxerentes nas que as letras do abecedario son o fío condutor.



■ **Temática:** a familia, a escola, a nenez.

■ **Idade recomendada:** a partir de 7 anos.

■ **Aspectos destacables:** os recordos, a memoria infantil; ilustracións realistas combinadas con imaxes simbólicas; matriarcado, relacións entre irmáns, convivencia interxeracional.

Cristina Falcón Maldonado

(Trujillo, Venezuela, 1963)

Poeta e escritora de contos e materiais didácticos para nenos. Impartiu obradoiros de poesía e participou en campañas de educación e de escolarización, así como en actividades de promoción da lectura. Algunhas das súas obras foron traducidas ao inglés, francés, portugués e tailandés. Estudou Arquitectura e Deseño Gráfico. Reside en España dende 1992. Actualmente é directora creativa do estudo Veo Veo Comunicación, en Cuenca. www.veoveoc.es

Marina Marcolin

(Vicenza, Italia, 1975)

É ilustradora profesional; traballa para editoriais de Italia e doutros países de Europa e Asia, como Grecia, Francia, Alemaña, Taiwán ou Corea. Participou en exposicións, tanto en Italia como no estranxeiro, e recibiu varios premios, como o de Mellor ilustradora internacional do ano 2006, concedido polo Ministerio de Cultura grego. É profesora de ilustración en Vicenza. <http://marinamarcolin.blogspot.com.es/>



www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com
